

**O Museo de Pontevedra, co ánimo de celebrar o centenario do nacemento da pintora pontevedresa Mercedes Ruibal, abriu o 30 de abril no Edificio Castelao a mostra de título “Arte en parella: Mercedes Ruibal / Agustín Pérez Bellas”. Mostra que rematará o 28 de xuño.**

## **RESUMO**

Articulada como unha aposta novidosa no panorama expositivo galego pola dobre e conxunta proposta que presenta, enténdese como unha activa reivindicación da arte de dous artistas que, con diferenciadas opcións, e mesmo estudos distintos, cumpren un papel pioneiro, sempre con vocación internacional, no contexto da arte contemporánea, en especial no último terzo do século XX .

Baixo comisariado de Cristina Villaverde Ruibal, licenciada en Historia da Arte, ilustradora e comisaria de exposicións, aporta un novidoso percorrido antolóxico polas máis significativas obras dos dous artistas que cobren e documentan as distintas etapas creativas dunha parella que, no caso de Ruibal, nacen en Buenos Aires e que, no de Pérez Bellas, teñen a súa orixe nos seus traballos gráficos como estudante de Arquitectura.

A traxectoria destes pintores quedou marcada pola súa intensa relación matrimonial á vez que mantiveron unha clara autonomía plástica que lles permitiu manter desde mediados da década dos anos 50 do século pasado liñas dispares que de xeito individual socializaron con éxito por medio de numerosas propostas e exposicións.

Así mesmo, esta mostra vén a superar, mediante o traballo de documentación de Cristina Villaverde, datos biográficos até de agora errados que asentaran sobre a pintora nada en Xeve e restaura aspectos persoais e da súa obra pouco coñecidos, tanto dos que se refiren aos seus anos na Arxentina, como dos referidos a súas estancias en Madrid e Roma. Os aspectos sociais e políticos que tantas veces activaron a súa pintura dos anos 60 e 70 merecen un especial recoñecemento e figuran na mostra por medio dunha serie de obras, hoxe esquecidas, que permanecían en distintas coleccións particulares e ás que se suman algunhas das que foron realizadas con clara vocación mural. Nese sentido, reúne máis de cen obras entre os dous artistas e unha serie de elementos de contexto que certifican o seu papel central dentro da pintura galega do século XX, e mesmo a repercusión que acadaron tanto en Galicia e o resto do estado así como, puntualmente, en Francia e Italia. En paralelo, ofrecerase testemuño das súas contribucións literarias centradas tanto na poesía como no relato literario e, paralelamente, desenvolveranse actividades de difusión con artistas, arquitectos e escritores coñecedores e especialistas de ambas traxectorias.

Con aporte tamén de coleccións institucionais, a mostra concíbese igualmente como unha oportunidade por parte do Museo de Pontevedra de recoñecer o papel central e decisivo de Mercedes Ruibal dentro da arte galega e á vez descubrir aspectos poucos coñecidos, mediante orixinais inéditos, da intensa creatividade de Agustín Pérez Bellas. Dous artistas que mantiveron en boa parte da súa vida unha intensa relación con José Otero Abeledo *Laxeiro*, que os retratou, e mais co poeta Rafael Alberti, de quen, na súa faceta de pintor, tamén se amosan obras a eles dedicadas.

Esta mostra configúrase como a primeira ocasión en que se estableza un diálogo directo e argumentado sobre estes dous creadores e a sociedade que lles tocou vivir para de tal xeito

permitírmonos certificar a liberdade e a autonomía que se concederon para modelar mundos artísticos alternativos que, hoxe, cobran un valor sinalado na historia da arte contemporánea galega. Composta por cincuenta e nove pezas entre óleos, debuxos e acrílicos de Ruibal e corenta e catro de Pérez Bellas, a maioría delas tintas, complétase con materiais contextuais en forma de álbums, carteis, “academias”, debuxos soltos, fotografías e prospectos das súas mostras por diferentes galerías españolas e estranxeiras. Tamén libros con dedicatorias manuscritas de diversos intelectuais, políticos e artistas que trataron, sinais do seu activismo político, deseños gráficos, discografía e exemplos da obra literaria que en vida editaron tanto Agustín como Mercedes. A montaxe do Museo de Pontevedra tamén recupera senllas entrevistas individuais realizadas para programas de televisión emitidos en 1971 e 1989.

Mercedes Ruibal nacera en Pontevedra en 1926. Durante as últimas décadas do século pasado consolídase como unha referencia central da pintura galega. Con formación artística na Arxentina ao lado do pintor Laxeiro, desde mediados dos 50 comeza a mostrar, xa con voz propia, a súa obra en Galicia. En anos posteriores concreta o seu prestixio a nivel estatal e internacional desde unha aposta plástica que incide tanto nunha particular visión da muller como nun activo compromiso ante as inxustizas bélicas e políticas que trasladara con valentía a súa obra. Malia o tempo ditatorial que lle tocou vivir, logrou que a súa figura sempre estivera presente en relevantes espazos artísticos e de opinión até o punto que, dotada de forte carácter, conseguiu superar sen problemas a invisibilización que tantas outras pintoras sufriron. Falecida en Madrid en 2003, casara co arquitecto e pintor Agustín Pérez Bellas en 1958.

Pola súa parte Agustín Pérez Bellas, nacido en Vigo en 1927, demostrara durante a súa formación como arquitecto unha enorme e natural capacidade para o debuxo. En viaxes de estudos por Europa visita museos e descobre as apostas máis vangardistas da pintura mundial dos anos 50 e 60. Nestas décadas comeza a expoñer individualmente en prestixiosas galerías amosando nelas un patrón compositivo dominado sempre pola súa gran enerxía como debuxante. A vitalidade das súas tintas, sempre con presenza humana, foi admirada tanto entre os pintores da súa xeración como, especialmente, polos artistas galegos da década dos 80. Tamén poeta e narrador, a expresividade nunca domesticada da súa obra persiste e segue a seducir pola potencia xestual e comprometida da súa proposta plástica. Falecido prematuramente en Vigo en 1982, con esta mostra propónse por vez primeira, en espazo compartido, un diálogo crítico e creativo entre a obra dos dous artistas.

[ Aberta todos os días de 11 da mañá ás 9 da noite, excepto luns e domingo tarde ]